



VALDOVIÑO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZANOVE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000034

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e oito minutos do día dezanove de outubro de dous mil vinte e tres, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 617 de data 18 de outubro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, asistindo ademais, a interventora municipal, dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 05.10.23 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 05.10.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

A.- Declaración de innecesaridad de licenza de parcelación.-

Proposta de Alcaldía de declaración de innecesaridad de licenza de parcelación.

“Expte 2/2023

Tedec 2023/U018/000004

.- Expte. de parcelación (exp. 03/2023).- XXXXXXXXXX (representado por **Paula Freire Dopico**)- Para licenza de parcelación de finca no lugar **A Bedoxa, 11 e 14**, parroquia de Sequeiro, Concello de Valdoviño, segundo a documentación presentada:

- Proxecto de parcelación de finca realizado polo arquitecto Francisco Pérez Rodríguez e a Técnica Superior en Topografía e Urbanismo Paula Freire Dopico, de data xullo de 2023.

A parcela obxecto do presente informe ten as referencia catastral nº. 15088A503008590000GD e se corresponde con la parcela nº. 859, do polígono nº 503 do plano parcelario do catastro de rústica deste Concello.

Asemade, a parcela obxecto deste expediente correspóndese coa parcela nº 859 do polígono 3 da concentración parcelaria de Lourido-Sequeiro.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA FR-01	1.010 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.010 m ²
			Sup. parcela Neta	954 m ²
			Sup Cesión viales	56 m ²
PARCELA FR-02 - RFM	1.498 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	466 m ²
			Sup. parcela Neta	461 m ²
			Sup Cesión viales	5 m ²
		Suelo Rústico	Sup. parcela	1.032 m ²

Visto o **informe do arquitecto municipal de data 16 de outubro de 2023 no que conclúe:**

“Considerando o apartado 6 do artigo 150 da Lei do Solo de Galicia:

"6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, salvo que o concello declarase o seu innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

(...)

c) O outorgamento polo plan de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe..."

E que o planeamento municipal outorga á parcela obxecto deste expediente distinta clasificación de solo, a mesma atopárase encadrada no suposto c) do anterior artigo e habería que declarar a **innecesariedade de licenza de parcelación**. A cada parte débesele aplicar o réxime xurídico que lle corresponde ou ben pola súa clasificación ou ben pola súa cualificación”

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 17 de outubro de 2023**, emitido igualmente no mesmo sentido.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Acordar a declaración de innecesariedade de licenza de parcelación da finca situadas no Lugar A Bedoxa nº 11 e 14, parroquia de Sequeiro, Concello de Valdoviño, solicitada por [REDACTED]

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de **208,08 €**.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U018/000004).

B.- Licenza de parcelación.-

Proposta de Alcaldía para licenza de parcelación.

“Expte 3/2021 Tedec 2021/U018/000003

.- Expte. de parcelación (exp. 03/2021).- [REDACTED] y [REDACTED] (representados por Paula Freire Dopico)- Para licenza de parcelación de finca no lugar de Riaña, 27-29, parroquia de Meirás, Concello de Valdoviño, segundo a documentación presentada:

- Proxecto de parcelación de finca realizado polo arquitecto D. Antonio Piñeiro Conchado e a Técnica Superior en Topografía e Urbanismo Paula Freire Dopico, de data15/04/2021.
- Proxecto de parcelación de finca realizado polo arquitecto D. Antonio Piñeiro Conchado e a Técnica Superior en Topografía e Urbanismo Paula Freire Dopico, de data17/11/2021, que substitúe ao anterior.

A parcelas obxecto do presente informe ten as referencias catastrais n.º 15088A502012130000GK.

Asemade correspondese coa parcela n.º 1.213, do polígono n.º 10 do plano xeral da Concentración parcelaria de S. Vicente de Meirás e con terreos excluídos da mesma.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA FR-01	1.227 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.227 m ²
			Sup. parcela Neta	1.227 m ²
			Sup Cesión viales	----
PARCELA FR-02 FINAL	6.729 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.282 m ²
			Sup. parcela Neta	1.282 m ²
			Sup Cesión viales	----
		Suelo Rústico	Sup. parcela	5.447 m ²

Considerando o **informe do arquitecto municipal de data 17 de outubro de 2023**, no que conclúe que o proxecto de parcelación é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 17 de outubro de 2023**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de parcelación **no lugar de Riaña, 27-29, parroquia de Meirás, Concello de Valdoviño** aos solicitantes [REDACTED] y M^a. [REDACTED] nas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 17 de outubro de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de **349,59 €**.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2021/U018/000003).

C.- Licenza de parcelación.-

Proposta de Alcaldía para licenza de parcelación.

“Expte 2/2023 Tedec 2023/U018/000003

.- Expte. de parcelación (exp. 02/2023).- [REDACTED] (representado por Paula Freire Dopico)- Para licenza de parcelación de finca no lugar **A Bedoxa, 8** Parroquia de Sequeiro. Concello de Valdoviño, segundo a documentación presentada:

- Proxecto de parcelación de finca realizado polo arquitecto Francisco Pérez Rodríguez e a Técnica Superior en Topografía e Urbanismo Paula Freire Dopico, de data xullo de 2023.

A parcelas obxecto do presente informe ten as referencias catastrais nº. 15088A503008610000GR y se corresponde con la parcela nº. 861, do polígono nº 503 do plano parcelario do catastro de rústica deste Concello. Asemade, a parcela obxecto deste expediente correspóndese coa parcelan ° 861 do polígono 3 da concentración parcelaria de Lourido-Sequeiro.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA FR-01	783 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	783 m ²
			Sup. parcela Neta	760 m ²
			Sup Cesión viales	23 m ²
PARCELA FR-02	1.025 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.025 m ²
			Sup. parcela Neta	956 m ²
			Sup Cesión viales	69 m ²
PARCELA FR-02	1.343 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.026 m ²
			Sup. parcela Neta	1.006 m ²
			Sup Cesión viales	20 m ²
		Suelo Rústico	Sup. parcela	317 m ²

Considerando o **informe do arquitecto municipal de data 16 de outubro de 2023**, no que conclúe que o proxecto de parcelación é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 17 de outubro de 2023**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de parcelación **no lugar A Bedoxa, 8, Parroquia de Sequeiro, Concello de Valdoviño** á solicitante [REDACTED] nas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 16 de outubro de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de **349,59 €**.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U018/000003).

D.- Licenza de edificación.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.

“Expte: 94/2023. Tedec: 2023/U026/000097

.- Expte. de obras 94/2023.- [REDACTED] representada por María González Pombo.- Para as obras de recheo e estendido de terras, no lugar de Fraguizón, parroquia de Lago (referencias catastrais nº. 15088A070000320000HX, 15088A070000330000HI y 15088A070000340000HJ).

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto de recheo en solo rústico, redactado pola enxeñeiro técnico en topografía María González Pombo, colexiada núm. 7543 no Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos en Topografía.
- Presuposto das obras asinado pola mesma técnica e que substitúe ao incorporado no proxecto inicial, achegado ao expediente o día 23.06.2023 (núm. rex. 202399900001050).

Outra documentación técnica:

- Nomeamento da dirección de obra, asinado pola enxeñeiro técnico en topografía María González Pombo e achegado ao expediente o día 09.05.2023 (núm. rex. 202399900000755).

Tendo en conta as autorización sectoriais:

- . Autorización de Augas de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade), achegada ao expediente o día 13.04.2023 (núm. rex. 202399900000602).
- . Informe da Consellería de Medio Rural, achegado ao expediente o día 24.05.2023

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como **solo non urbanizable común / protección forestal**.

Non obstante o anterior, e tendo en conta:

- a. Que o planeamento municipal non está adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG).
- b. O establecido na disposición transitoria primeira, apartado 2, parágrafo d) da LSG.
- c. Que os terreos se sitúan parcialmente dentro da zona de Policía de canles dun curso de auga.
- d. O establecido no apartado 2.c do artigo 34 da LSG.

Cabe convir que a parcela debe de entenderse incluída nas seguintes categorías: solo rústico de protección ordinaria e solo rústico de protección de augas.

Considerando o disposto no informe do Arquitecto Técnico Municipal do 27 de xullo de 2023, e sen prexuízo de mellor interpretación xurídica, **as obras solicitadas resultan CONFORMES coa normativa de aplicación**, debendo fixarse para a súa execución os condicionantes que se reflicten no anexo núm. 1 do citado informe.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] **licenza para as obras de recheo e estendido de terras, no lugar de Fraguizón, parroquia de Lago (referencias catastrais nº. 15088A070000320000HX, 15088A070000330000HI y 15088A070000340000HJ).**

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica redactada pola enxeñeiro técnico en topografía María González Pombo e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 27 de xullo de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, con base ao orzamento de execucion material que ascende á cantidade de **15.043,17 €.**, e co seguinte desglose: **Taxas 75,21 €.** **ICIO.- 345,99 €.**

Cuarto.- Aprobar o prazo de iniciación das obras que non poderá exceder os seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data de outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 359.2 do RLSC, art. 145.1 da LSC).

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U026/000097).

E.- Licenza de edificación.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.

“Expte: 152/2021. Tedec: 2021/U026/000147

.- Expte. de obras 152/2021.- [REDACTED] - Para as obras de Cubrición de terraza existente de local de hostalaría de 69,94 m, no lugar de Atalaia nº 3, parroquia de Vilarrube (referencia catastral nº. 000501000NJ73A0001BI).

Achegase xunto á solicitude:

- Memoria técnica titulada "Estrutura de terraza en local de hostalaría" redactado polo arquitecto Ignacio Pita Graña, colexiado núm. 4266 no COAG, de data outubro do 2021, achegado ao expediente o día 09.11.2021 (núm. rex. 20210000002686), substituída pola documentación que se detalla a continuación.

- Proxecto técnico titulado "Cubrición de terraza en local de hostalaría" redactado polo mesmo técnico, asinado o 20.02.2023 e achegado ao expediente o día 20.02.2023 (núm. rex. 202399900000268).

Outra documentación técnica:

- Oficio de dirección de obra asinado polo arquitecto Ignacio Pita Graña e achegado ao expediente o día 20.02.2023 (núm. rex. 202399900000268).

Tendo en conta as autorización sectoriais:

- Autorización do Servizo de Patrimonio Natural (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) achegado ao expediente o día 13.04.2023 (núm. rex. 202399900000604).
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) achegado ao expediente o día 11.05.2023 (núm. rex. 202390000000970).
- Autorización do Servizo de Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) achegado ao expediente o día 17.08.2023 (núm. rex. 202399900001320).

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como **solo non urbanizable de protección especial: protección paisaxística-ambiental e ecolóxica (litoral)**.

Considerando o disposto no informe do Arquitecto Técnico Municipal do 11 de outubro de 2023, e sen prexuízo de mellor interpretación xurídica, **as obras solicitadas resultan CONFORMES coa normativa de aplicación**, debendo fixarse para a súa execución os condicionantes que se reflicten no anexo núm. 1 do citado informe.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] - Para as obras de **Cubrición de terraza existente de local de hostalaría de 69,94 m, no lugar de Atalaia nº 3, parroquia de Vilarrube (referencia catastral nº. 000501000NJ73A0001BI)**.

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica redactada polo arquitecto Ignacio Pita Graña e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 11 de outubro de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, con base ao orzamento de execucion material que ascende á cantidade de **5.117,60 €**, e co seguinte desglose: **Taxas 30,05 €.** **ICIO.- 117,70 €.**

Cuarto.- Aprobar o prazo de iniciación das obras que non poderá exceder os seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data de outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 359.2 do RLSG, art. 145.1 da LSG).

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2021/U026/000147).

3º.- ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO ASISTENCIAL (AXUDAS TÉCNICAS) VINCULADO A SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS POS+ADICIONAL 1/2023.-

PROPOSTA DE ALCALDIA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA ADQUISICION DE EQUIPAMENTO TECNICO ASISTENCIAL (AXUDAS TECNICAS) VINCULADO A SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS POS + ADICIONAL 1/2023

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de adquirir equipamento técnico asistencial por parte dos servizos sociais comunitarios, vinculado á subvención da Deputación Provincial de A Coruña para financiamento de gastos sociais extraordinarios (POS + Adicional 1/2023); visto o recoñecemento da retención de crédito e visto o informe técnico da traballadora social que se transcribe a continuación:

Paula Fernández Dopazo (Colex. 2116), traballadora social do departamento de servizos sociais do Concello de Valdoviño, en relación á resolución da Deputación Provincial de A Coruña de adjudicación de 4.400 euros en concepto de gasto de investimento para adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria,

INFORMO:

PRIMEIRO. Mediante circular de data de 07/12/2022 comunicouse ao Concello de Valdoviño a aprobación das Bases reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+2023” no que se regula simultaneamente o POS+ADICIONAL 1/2023 para os gastos sociais extraordinarios do exercizo 2023, así como tamén a achega provincial asignada ao mesmo.

SEGUNDO. No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 228 de 01 de decembro de 2022, publícanse as bases reguladoras deste plan. A base 12 regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercizo 2023, que se financia con cargo a unha achega provincial extraordinaria por importe de 7.000.000 euros para facer fronte ao impacto económico e social en materia de servizos sociais. En documento anexo establécese a

cantidad de 69.750,19 euros para o Concello de Valdoviño, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios do exercizo 2023, con cargo a dito Plan.

TERCEIRO. Dende o Concello de Valdoviño remítese solicitud de 65.350,19 euros para gasto corrente e de 4.400 euros para investimento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material para a súa vida diaria. En data de 23.06.2023 recíbese circular da aprobación do gasto solicitado.

CUARTO. Solicítanse presupostos a tres empresas suministradoras de material técnico asistencial para que presenten proposta económica e especificacións técnicas das seguintes axudas técnicas o máis axustado posible ao importe da subvención concedida:

Tipoloxía	Características	Unidades
Cama articulada	Carro elevador, medidas de 90x190, varandas de suxeición e colchón	4
Transporte e montaxe	Valorase a gratuidade do mesmo	4

As tres empresas foron: Exclusivas Iglesias, Gerimedical e Ortomédica.

QUINTO. A empresa Ortomédica non presenta proposta.

SEXTO. Para a valoración das propostas presentadas tense en conta os seguintes criterios de valoración:

- Mellor oferta económica a mesmas condicións técnicas dos produtos.
- Mellores especificacións técnicas do produto.

SETIMO. Ambas empresas presupostan modelos de cama Medley Ergo, pero cada unha de diferentes versións. Exclusivas Iglesias presuposta catro camas versión básica con colchón viscoelástico e Gerimedical presuposta catro camas versión select con colchón viscoelástico. Esta última presenta unhas características e especificacións técnicas mellores que a opción básica que as fan máis funcionais para o ámbito domiciliario, obxecto do préstamo.

As propostas económicas presentadas polas outras dúas empresas para as axudas técnicas con características indicadas arriba son as seguintes:

- Exclusivas Iglesias: total con IVE de 4.356 euros
- Gerimedical, con desglose do presuposto do seguinte xeito:
 - o Total con IVE de 4.376,57 euros con transporte e montaxe nun solo día.
 - o Total con IVE de 4.322,12 euros con transporte e sen montaxe (entrega no Concello).

OITAVO. A proposta técnica da empresa Gerimedical é mais ventaxosa que a de Exclusivas Iglesias. En canto á proposta económica, a proposta máis cara de Gerimedical (que inclúe o transporte e a montaxe dos produtos) sobrepasa en 26,57 euros a proposta de Exclusivas Iglesias. Non obstante, valórase que esta diferenza de prezo non é suficiente para igualar a melloría nas especificacións

técnicas e características dos produtos, que serán directamente empregados polas persoas beneficiarias.

PROPOÑO

A adquisición do material técnico asistencial a favor da empresa Gerimedical por valor de **4.376,57 euros con IVE engadido.**

Iniciar o correspondente trámite de retención de crédito previo á aprobación en XGL.

PROPOÑO:

A adquisición do material técnico asistencial a favor da empresa Gerimedical por ser a proposta máis ventaxosa, por valor de 4.376,57 euros con IVE engadido.

Para que conste aos efectos oportunos, asino electrónicamente na data indicada á marxe.

O Alcalde”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2022/A003/000027).

4.-SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DON [REDACTED]

Proposta de Alcaldía

“Expte. 2023/R002/000009

Vista a instancia de don José Dopico Rodríguez, formulada en data 10 de outubro de 2023, rexistro xeral de entrada núm. 20230000003016 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrito.

Tendo en conta pois, que a solicitante, atópase empadroada neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a don [REDACTED] cunha validez de CINCO ANOS dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período de validez, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron ao interesado como documento acreditativo desta concesión.

Segundo.- O animal deberá ser identificado cun “microchip”, susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico para poder ter localizado ao animal en todo momento.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos. Coa notificación entregaráselle un dorso ao interesado, onde constan as obrigas que deben de cumprir os titulares da licenza; e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA O MARXE”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/R002/000009).

5º.- AUTORIZACION ADQUISICIÓN “EQUIPAMENTO XIMNASIO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL”.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

“Esta Alcaldía é consciente e promove a consideración de interese público do deporte para esta entidade local e fixa como principios rectores o dereito de todos os cidadáns do municipio a practicar deporte de xeito libre, voluntario e democrático en termos de igualdade e sen discriminación ningunha así como a consecución duha práctica deportiva adaptada ás condicións de cada individuo. Para iso o concello debe contar cunha infraestrutura e instalacións adecuadas para ofertar un amplo abano de actividades e practicas deportivas.

Segundo transmiten dende o departamento de deportes do Concello de Valdoviño resulta necesario e urxente mellorar o mobiliario de instalacións deportivas municipais, seguras e de calidade á hora de procurar un desenvolvemento efectivo do sistema deportivo e da práctica de actividade física no municipio cunhas instalacións e dotacións que posibiliten un increment nos recursos deportivos ao servizo dos cidadáns do municipio e dos axentes deportivos para facilitar unha práctica segura, respetuosa co entorno e co medio ambiente e cunha ampla variedade de prácticas deportivas para facilitar a libre elección de cada cidadán.

Vista a resolución de concesión de subvención ao Concello de Valdoviño ao abeiro da Orde do 21 de marzo de 2023: *Orde de 21 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable, e se procede á súa convocatoria para os anos 2023 e 2024* (DOGA nº 60 de data 27 de marzo de 2023), outorgouse ao Concello de Valdoviño a cantidade de 4.377,37 euros para a execución do proxecto *Equipamento ximnasio polideportivo municipal* na anualidade 2023 (DOGA nº 143 de data 28 de xullo de 2023).

Para a execución dese proxecto solicitáronse tres orzamentos a empresas especializadas no sector deportivo para a subministro de mobiliario deportivo e deste xeito mellorar o mobiliario deportivo de ximnasio polideportivo municipal. O orzamento economicamente máis ventaxoso dos tres presentados é o correspondente a Talentrophy, S. L. por un importe de 5.471,62 euros.

Polo tanto ao ser o seu valor estimado inferior a 15.000,00 € máis IVE, o contrato menor, da a natureza do suministro, esta Alcaldía estima máis adecuado que a utilización de calquera outros dos previstos na vixente Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do

Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 en virtude do establecido no artigo 118.2 da devandita Lei.

Por conseguinte vista a necesidade de executar a anualidade 2023 para a mellora de “Equipamento ximnasio polideportivo municipal”, esta Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

Primeiro.- Que se autorice a tramitación do procedemento para a adquisición de dúas cintas de correr, unha bicicleta estática, unha bicicleta elíptica, un banco de pesas e un pack de pesas e barra de flexión; con cargo ao orzamento de gastos na aplicación orzamentaria 341.62500 por un importe de 5.471,62 euros ao ser o orzamento de menor importe dos tres presentados.

Segundo.- Comprobada a existencia de crédito adecuado e suficiente solícita a contabización da fase de gasto autorizado contra aplicación orzamentaria 341.62500 por importe de 5.471,62 euros para a execución do proxecto “Equipamento ximnasio polideportivo municipal” na anualidade 2023.

Terceiro: Comprometer o gasto (fase D) por importe de 5.471,62 euros contra a aplicación orzamentaria 341.62500 a favor da mercantil Talentrophy, S. L. con NIF B87459152 segundo o orzamento nº 113-L de data 27/04/2023 ao ser o orzamento economicamente máis ventaxoso dos tres presentados e ao tratarse dunha empresa especializada no sector ao abeiro do artigo 131.3 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público (BOE nº 272 de data 9 de novembro de 2017).

Cuarto: Adxudicar o subministro de material deportivo para a execución do proxecto Equipamento ximnasio polideportivo municipal na anualidade 2023 á mercantile Talentrophy S. L. con NIF B87459152 por importe de 5.471,62 euros ao abeiro do orzamento presentado baixo o número 113-L de data 27/04/2023.

Quinto: Dar traslado deste acordo á Intervención e á Tesoureiría municipais.

Mándao e asíno o alcalde, Alberto González Fernández en Valdoviño, na data que consta ao marxe. (asinado dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/C009/000002).

6º.- DEVOLUCIÓN DE GARANTIA DEFINITIVA: EXPEDIENTE DE OBRA 162/2004.-

RESOLUCIÓN ALCALDÍA PRESIDENCIA

“Vista a solicitude presentada por [REDACTED] con D.N.I. núm. [REDACTED] en data 22 de setembro do 2023 con número de rexistro 20230000002860 referida a devolución da garantía definitiva asociada ao Expediente de Obra 162/2004, foi emitida Providencia de Alcaldía en data 3 de outubro do 2023 aos efectos de *incoar*

expediente para a devolución, no seu caso, da fianza definitiva depositada por María [REDACTED] con D.N.I. núm. [REDACTED] por importe de CINCO MIL CINCO CENTOS DEZASEIS EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (5.516,26 €) así como a emisión dos oportunos informes pola Tesourería municipal e o Departamento de Urbanismo do Concello de Valdoviño.

En data 3 de outubro do 2023 foi emitido Informe da Tesourería municipal determinando que (...) comprobada a oportuna documentación, consta depositado ante a Tesourería municipal do Concello de Valdoviño aval bancario por importe de CINCO MIL CINCO CENTOS DEZASEIS EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (5.516,26 €) o 15 de febreiro do 2005 con referencia 32005000003 a nome de María Mercedes Taboada Paz con D.N.I. núm. 76.499.995-V, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada en data 30 de novembro do 2004.

A Oficina Técnica de Obras e Urbanismo do Concello de Valdoviño emitiu Informe en data 9 de agosto do 2023 facendo constar que (...) consideran que non se debería obrigar ao promotor das obras solicitadas a urbanizar a parte que lle correspondería dos viais posto que prexudica o normal uso dos mesmos.

Asimesmo, se aporta “compromiso de urbanización e conexión ás redes de servizos xerais municipais en solo urbán”, asinada pola propietaria en data 25/09/2023, na que o propietario “se compromete a costear os gastos da parte proporcional que lle correspondería na urbanización do vial de nova apertura, e que afecta á parcela en cuestión, o día que se execute, e a establecer tal condición nas cesións do dereito de propiedade ou de uso que se leven a efecto para toda ou parte da edificación”.

En base a todo o anterior, os técnicos asinantes, no seu estrito ámbito competencial, estiman procedente a devolución do aval que se solicita pola cantidade de 5.516,26 €.

Consta no expediente 2023/X002/000014 o documento de aval con número de rexistro especial de avais núm. 149.015, estrato da consulta de operacións non orzamentarias do Concello de Valdoviño e o referido Compromiso de urbanización e conexión ás redes de servizos xerais municipais no solo urbán asinado pola persoa interesada, María Mercedes Taboada Paz e o Alcalde do Concello de Valdoviño, Alberto González Fernández en data 25 de setembro do 2023.

Visto canto antecede, en cumprimento do establecido no artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía
PROPÓN

Primeiro.- Devolver a garantía definitiva asociada ao Expediente de Obra 162/2004 por importe de CINCO MIL CINCO CENTOS DEZASEIS EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (5.516,26 €) do 15 de febreiro do 2005 con número de operación 3200500000003 que consta a nome de [REDACTED] con D.N.I. núm. [REDACTED]

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/X002/000014).

7º.- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE Nº 5 DA OBRA: “REPARACIÓN DE ESTRADAS EN XAVARIZ, VILLARRUBE, AVIÑO E OUTROS”.

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIONES DE OBRA

“Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 5 “*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros*” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 1 de setembro de 2023 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 01/09/2023. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** o día 1 de setembro de 2023 por importe de 85.653,76 euros.

Tomando nota do indicado, PROPONSE que se adopte o seguinte acordo;

PRIMEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º 5 “*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número FE23 99 de data 01/09/2023 con número de rexistro contable F/2023/2085, emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 1 de setembro de 2023 por importe de 85.653,76 euros.

SEGUNDO.- De conformidade disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Deste xeito ao importe total da certificación n.º 5 correspondente a obra “*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros*” deberán descontárselle 1.855,91 euros pola dirección e inspección de obra e 618,64 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde do Concello de Valdoviño;
Asdo.; Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/X999/000143).

8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e seis minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/